



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000037

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día tres de novembro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03.11.22 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade).

2º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO 2022.-




Vista a línea de programación cultural dos últimos anos na que atendendo á política cultural desenvolvida pola equipa de goberno e en particular pola concellaría de cultura aboga por poñer en valor a celebración de festas cíclicas anuais, a celebración de efemérides contempladas nos calendarios institucionais -como pode ser o do libro e da lectura-, a colaboración con centros escolares do concello e o mantemento de programas de iniciativa propia, todos eles en atención a unha poboación veciñal á que se aplican variables por tramos de idade, entre outros, aínda na procura tamén de manter viva a comunicación interxeneracional e sempre co obxectivo final de por en valor a cultura, a igualdade, o prestixio da lingua galega e a propia idiosincrasia

PROPONSE

A aprobación das propostas de actividades que se seguidamente se relacionan correspondentes ao último trimestre do ano 2022.

OUTUBRO							
EMPRESA	ESPECTÁCULO	OBXECTO	IMPORT E	PROGRAMA	PÚBLICO	DAT A	CCB
ALIPROX VALDOV IÑO	EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "XEITOS"	Inauguración exposición	53,32 eur	EXPOSICIÓN. Propio concello	Xexal	7 a 31 OUTUBRO	
Org, Morcegos de Galicia	PROXECTO SONAT	Charla e saída	Sen custo	Colaboración concello	Xeral	11 outubro	
	GALICIA ILUSIONA	MAXIA colexio	Sen custo	Colaboración concello	Escolar	13 outubro	
ASOCIACIÓN CULTURAL ALENDE	O CATRE TEATRO "FATUM"	Teatro	580,00 eur Subvencionado 60%. Rede cultural 2022	Rede Cultural da Deputación Provincial	Xeral	16 outubro	
D. MIGUEL ÁNGEL ALONSO FERNÁNDEZ	Minguante canta poesía galega	Día da biblioteca	330,00 eur Subvencionado 75%. Resolución 6 abril 2022	Ler conta moito. Dirección Xeral de bibliotecas	Adulto	21 outubro	
ALBA IBAÑEZ FARTO	ALBA FARTO. Obradoiro DEBUXAR LETRAS	Día da biblioteca	250,00 eur Subvencionado 75%. Resolución 6 abril 2022	Ler conta moito. Dirección Xeral de bibliotecas	Xeral	22 outubro	NIF:
JORGE CASAS CANEIRO	MAIO CREACIÓNS ARTÍSTICAS "A VIAXE DE MINA	Día da biblioteca	500,00 eur Subvencionado 75%. Resolución 6 abril 2022	Ler conta moito. Dirección Xeral de bibliotecas	Familiar	23 outubro	NIF:
JUAN RODRÍGUEZ SANTIAGO	PEDRAS DE CARTÓN "QUIXOTE"	Actos do día da biblioteca	800,00 EUR	Propio. Acordo con compañía por distribución interna	Familiar	30 OUTUBRO	
CHARLA	ISEO A	Actos do	363,00	Propio.	Familiar	31	

TANA S. COOP. GALEGA	MOURA "DECEA COS DEFUNTIÑOS"	día do SAMAÍN	EUR	Contrato concello	ar	outubro	
NOVEMBRO							
EMPRESA	ESPECTÁCULO	OBXECTO	IMPORT E	PROGRAMA	PÚBLICO	DATA	CCB
URDIME S.COOP. GALEGA	MAGÍN BLANCO "A Banda das apertas"	SEMANA DA MÚSICA ESCOLAR	2005,00 EUR Subvencionado 60%. Rede cultural 2022	Rede Cultural da Deputación Provincial	Infantil. Atios e CRA	21 novembro	
CULTUR ACTIVA	Rilo & Penadique "Derriba da lúa"	SEMANA DA MÚSICA ESCOLAR	786,50 EUR Acordo con compañía	Propio. Contrato concello	Infantil. PAI	22 novembro	
CULTUR ACTIVA	PISCORE "Concerto confusión"	SEMANA DA MÚSICA ESCOLAR	1754,50 eur Acordo con compañía	Propio. Contrato Concello	Infantil. Atios	23 novembro	
MUSIC ARTE REY SAAVEDRA, S.C	LUDUS TONALIS "Voces riseiras"	SEMANA DA MÚSICA ESCOLAR	1.750,00 eur Subvencionado 60%. Rede cultural 2022	Rede Cultural da Deputación Provincial	Secundaria Atios	24 novembro	
TARABELA CREATIVA, S.C. Carmen Conde Gaute	TARABELA CREATIVA" TABÚ	Actos contra a violencia de xénero	2.238,50 eur Subvencionado 60%. Rede cultural 2022	Subvencionado 60%. Rede cultural 2022	Adulto	25 de novembro	
10d10 Soluciones Acertadas SL Tomás Legido Sánchez	FEMININO PLURAL, Silvia Penide e Carla López. As mulleres creadoras	Actos contra a violencia de xénero	695,75 eur.	Propio. Contrato concello	Xeral	27 novembro	
pendente	CALENDARIO IMPRESIÓN	Calendario anual	Dato da última tirada	Pendente presentación de	xeral	Decembro	pendente

			4.301,55 (ano pasado)	proposta previsiblemente con aumento de orzamento			
Varios	Participantes CALENDARIO VALES COMERCIO LOCAL	Agasallo a participantes no calendario	Datos ano pasado : 17 vales 850,00	Calendario 2023. Propio concello	Xeral	Diciembre a febreiro 2023	Varios pendientes
DECEMBRO							
EMPRESA	ESPECTÁCULO	OBJECTO	IMPORTE	PROGRAMA	PÚBLICO	DATA	CCB
ALIPROX VALDOVIÑO	A vida despois do daño cerebral adquirido	Calendario exposicións. Inauguración.	60,00 eur	EXPOSICIONES	Xeral	1ª quincena	
Asoc. Cultur. MORREU O DEMO	ONDE FOI BARRIGA VERDE	Calendario exposicións	En 2023. Proxecto conxunto con outras actividades tanto escolares como abertas que rematan en xaneiro 2023	Exposicións Obradoiros, Documentais Propio concello. Factura en xaneiro.	Familiar	2ª quincena	
Caramuxo teatro s.c	CARAMUXO A nena que vivía nunha caixa de mistos	Nadal. Visita do apalpador	800,00 eur acordó con compañía	Propio concello	Familiar	18 decembro	
La guagua servizos culturais	BOLAS DE NADAL	Nadal . Visita do apalpador	435,60 eur DATO DO ANO PASADO	Propio concello Pendente presentación de proposta previsiblemente con aumento de orzamento	Familiar	18 decembro	
Xosé Avelino	AVELINO GONZÁLEZ	PRESENTACIÓN	700,00 EUR	Propio concello	Xeral	23 decem	

González Fernández	“CANTO CONTO HAI AQUÍ”	CALENDARIO				bro	
MANARTE E PRODUCCIONES, S.	BUCANERO “Os amos do mundo”	Nadal	3751,00 eur	Subvencionado 60%. Rede 3.751 cultural al 2022	Xeral	30 decembro	
VIARIOS	CONCURSO DECORACIÓN	Vales consumo en comercio local para ganadores	600,00 EUR DATOS DO ANO PASADO	Propio concello	Adultos	Decembro - xaneiro	Varios

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 25 de OUTUBRO de 2022.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A proposta de Alcaldía que antecede, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros

3º.- APROBACIÓN ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL VINCULADO AO FINANCIAMENTO GASTOS EXTRAORDINARIOS POS+ADICIONAL 1/2022.-

PROPOSTA DE ALCALDIA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA ADQUISICION DE EQUIPAMENTO TECNICO ASISTENCIAL (AXUDAS TECNICAS) VINCULADO A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS + ADICIONAL 1/2022

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adquirir equipamento técnico asistencial por parte dos servizos sociais comunitarios, vinculado á subvención da Deputación Provincial de A Coruña para financiamento de gastos sociais extraordinarios (POS + Adicional 1/2022); visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico da traballadora social que se transcribe a continuación:

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á resolución da Deputación Provincial de A Coruña de adxudicación de 3.600€ en concepto de gasto de investimento para adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso

ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria,

INFORMO:

PRIMEIRO. Mediante circular de data de 14/12/2022 comunicouse ao Concello de Valdoviño a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2022” no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 de 30 de novembro de 2021, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, que se financia con cargo a unha achega provincial 2022 extraordinaria por importe de 7.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais. En documento anexo establécese a cantidade de 68.647,54 euros para o Concello de Valdoviño, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, con cargo a dito Plan.

TERCEIRO. Dende o Concello de Valdoviño remítese solicitude de 65.047,54 euros para gasto corrente e de 3.600 euros para investimento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material para a súa vida diaria. En data de 25.05.2022 recíbese circular da aprobación do gasto solicitado.

CUARTO. Solicítanse presupostos a tres empresas suministradoras de material técnico asistencial para que presenten proposta económica das seguintes axudas técnicas o máis axustado posible ao importe da subvención concedida:

Tipoloxía	Características	Unidades
Cama articulada	Carro elevador, medidas de 90x190, varandas de suxeición e colchón	2
Grúa de mobilidade	Tamaño de sinxela manipulación e almacenamento, con arnés de suxeición e ata 150kg de peso	2
Transporte e montaxe	Valorase a gratuidade do mesmo	4

As tres empresas son: Exclusivas Iglesias, Gerimedical e Ortomédica.

QUINTO. As propostas económicas presentadas para as axudas técnicas con características indicadas son as seguintes:

- Exclusivas Iglesias: total con IVE de 3.740 euros con transporte e montaxe incluídos.
- Gerimedical: total con IVE de 3.724,60 euros con transporte e montaxe

incluidos.

- Ortomédica: total con IVE de 4.046,28 euros con transporte e montaxe incluídos.

PROPOÑO

A adquisición do material técnico asistencial a favor da empresa Gerimedical por ser a proposta máis ventaxosa, por valor de 3.724,60 euros con IVE engadido.

Iniciar o correspondente trámite de retención de crédito previo á aprobación en XGL.

PROPOÑO:

A adquisición do material técnico asistencial a favor da empresa Gerimedical por ser a proposta máis ventaxosa, por valor de 3.724,60 euros con IVE engadido.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde”

A proposta de Alcaldía que antecede, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros

4.- APROBACIÓN PAGAMENTO DAS AXUDAS DE APOIO AS FAMILIAS (ADQUISICION MATERIALESTUDO E TRANSPORTE), ANO 2022.

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DO PAGAMENTO DAS AXUDAS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E PARA TRANSPORTE DO ANO 2022

Vista o informe de valoración das “Axudas en relación ás medidas de apoio a familias para a adquisición de material para o estudo e para o transporte 2022”, contendo a información relativa ao prazo ordinario e ao extraordinario, elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación

“INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE DO ANO 2022

En relación á concesión de axudas de apoio ás familias e menores para a adquisición de material escolar e transporte (anuncio no BOP N° 129 de 8 de xullo de 2022), e en relación á concesión da convocatoria do prazo extraordinario aberto sobre o mesmo procedemento (anuncio no BOP N° 168 de 5 de setembro de 2022)

INFORMO:

1. *Á vista das solicitudes concedidas e aprobadas previamente (por acordo de Xunta de Goberno Local o 25.08.2022 o prazo ordinario e o 22.09.2022 o prazo extraordinario), valóranse as xustificacións presentadas en tempo e forma.*
2. *Que do total das axudas solicitadas foron concedidas 67 (54 en prazo ordinario e 13 en extraordinario), das cales se presentan dentro do prazo estipulado un total de 66*

xustificacións (54 para material escolar, das cales 4 tamén inclúen transporte no prazo ordinario e 12 xustificacións no prazo extraordinario). Que desas 66 xustificacións, 13 familias presentan a modalidade de vales coa cesión do dereito de pago a favor do establecemento.

3. Que trala revisión da documentación aportada segundo as indicacións que constan nas bases da subvención, aclárase o seguinte:
 1. Todas as xustificacións conteñen o xustificante do gasto correspondente a través de facturas de compra, menos un caso que presenta un recibo. Neste caso infórmase á familia da necesidade de presentar facturas pero non presenta a documentación requirida, polo que non cumpre cos requisitos para pagar a axuda concedida.
 2. Nun dos casos preséntase unha transferencia feita ao centro educativo ao ser o sistema empregado pola aula para comprar o material do grupo. Neste caso, por indicación de Departamento de Intervención, solicítase un certificado ao director do centro no que especifica a aportación feita pola solicitante da axuda en concepto de material escolar.
 3. Unha das solicitudes foi xustificada a nome do outro proxenitor, polo que, segundo indicacións do Departamento de Intervención, solicítase que cubran un modelo de cesión dos dereitos de cobro por parte da persoa que a ten concedida a favor de quen xustifica.
 4. Que para aportar o número de conta bancaria certifícase a través de diferentes modos:
 - Certificado da entidade bancaria
 - Declaración xurada de ter presentado o certificado anteriormente e está en poder da administración
 - Recibos domiciliados bancarios
 - Copia da información bancaria no que consta o número de conta e a persoa titular. Esta opción foi consultada co tesoureiro e admite a dita opción.
4. Que catro das axudas para transporte aprobadas inicialmente non presentan documentación xustificativa, polo que se procede a descartar ditas axudas, atendendo ao artigo 11 das bases, o que deriva na perda parcial da subvención aprobada inicialmente.
5. Que o Departamento de Servizos Sociais confirmou con cada establecemento a concidencia dos vales canxeados (cesión do dereito de cobro) por concepto de material escolar coa xustificación presentada polas familias.
6. Que revisada a documentación, procede a aprobación das xustificacións presentadas e o seu pagamento, coas características que se recolle no cadro seguinte.

*Enténdese por gasto xustificado e cumprida a finalidade da subvención o que, na valoración realizada, se considera válido e subvencionable segundo as bases da convocatoria.

** No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado (artigo 12 das bases).

	NOME E APELIDOS	DNI	Cantidade concedida	Cantidade xustificada	Cantidade a PAGAR
	MATERIAL ESCOLAR				
1	M.A.R.P.		180,00 €	159,84 €	159,84 €

2	V.G.M.		90,00 €	99,84 €	90,00 €
3	O.S.I.		180,00 €	100,92 €	100,92 €
4	M.C.V.G.		90,00 €	100,54 €	90,00 €
5	Y.G.P.		45,00 €	36,00 €	36,00 €
6	J.P.P.		180,00 €	187,33 €	180,00 €
7	R.C.V.		180,00 €	197,34 €	180,00 €
8	E.C.V.		180,00 €	180,90 €	180,00 €
9	J.M.R.		180,00 €	180,00 €	180,00 €
10	M.C.P.D.		90,00 €	112,44 €	90,00 €
11	A.C.G.		180,00 €	228,40 €	180,00 €
12	J.P.M.		180,00 €	90,00 €	90,00 €
13	N.L.A.		90,00 €	93,44 €	90,00 €
14	A.M.A.L.		180,00 €	194,88 €	180,00 €
15	P.D.S.R.		270,00 €	249,89 €	249,89
16	M.D.L.J.J.		360,00 €	360,00 €	360 €
17	M.A.U.P.		90,00 €	94,65 €	90,00 €
18	M.R.F.		135,00 €	253,42 €	135,00 €
19	M.E.A.L.		180,00 €	277,98 €	180,00 €
20	A.B.L.		180,00 €	181,13 €	180,00 €
21	E.R.P.		270,00 €	439,52 €	270,00 €
22	C.B.F.		90,00 €	100,54 €	90,00 €
23	M.A.R.		90,00 €	178,02 €	90,00 €
24	M.L.F.		90,00 €	117,51 €	90,00 €
25	L.S.I.		90,00 €	94,50 €	90,00 €
26	J.G.F.		45,00 €	42,98 €	42,98 €
27	I.A.L.		90,00 €	94,15 €	90,00 €
28	O.S.O.		90,00 €	90,00 €	90,00 €
29	C.D.M.S.		90,00 €	75,00 €	75,00 €
30	E.P.V.		90,00 €	89,02 €	89,02 €
31	M.D.C.G.G.		360,00 €	188,88 €	188,88 €
32	M.L.C.P.		90,00 €	90,39 €	90,00 €
33	M.J.N.P.		180,00 €	90,00 €	90,00 €
34	L.M.A.A.		180,00 €	190,75 €	180,00 €
35	M.C.A.B.		90,00 €	91,68 €	90,00 €
36	X.M.C.V.		270,00 €	301,94 €	270,00 €
37	M.R.O.C.		180,00 €	291,45 €	180,00 €
38	A.L.P.		180,00 €	178,67 €	178,67 €
39	M.A.D.B.		90,00 €	90,00 €	90,00 €
40	M.V.B.M.		270,00 €	264,18 €	264,18 €
41	I.C.H.		180,00 €	214,92 €	180,00 €

42	L.H.L.		180,00 €	186,43 €	180,00 €
43	M.V.S.M.		180,00 €	130,16 €	130,16 €
44	M.I.A.R.		180,00 €	182,20 €	180,00 €
45	A.I. G.I.		90,00 €	91,95 €	90,00 €
46	A.V.P.		90,00 €	224,84 €	90,00 €
47	A.A.L.		180,00 €	183,80 €	180,00 €
48	C.M.N.		270,00 €	279,10 €	270,00 €
49	V.M.D.L.		180,00 €	180,70 €	180,00 €
50	M.E.R.J.		90,00 €	98,94 €	90,00 €
51	A.N.R.T.		270,00 €	270,00 €	270,00 €
52	R.G.P.		90,00 €	85,28 €	85,28 €
53	J.L.C.		90,00 €	94,12 €	90,00 €
54	L.C.T.		90,00 €	90,00 €	90,00 €
		TOTAL	8.325,00 €	8.790,56 €	7.765,82 €
NOVO PRAZO					
1	M.A.P.		25	0,00 €	0,00 €
2	M.F.		55	55,00 €	55,00 €
3	K.T.A.		40	43,90 €	40,00 €
4	P.R.P.		75	75,00 €	75,00 €
5	M.A.R.D.		55	55,00 €	55,00 €
6	S.P.M.		75	73,02 €	73,02 €
7	C.L.G.		25	25,98 €	25,00 €
8	A.R.F.		55	56,82 €	55,00 €
9	D.P.L.		40	528,00 €	40,00 €
10	J.L.S.R.		75	80,90 €	75,00 €
11	A.R.Y.		75	79,79 €	75,00 €
12	V.G.F.		40	40,16 €	40,00 €
		TOTAL	675,00 €	1.113,57 €	608,02 €
TRANSPORTE					
1	L.M.A.A.		100,00 €	100,00 €	100,00 €
2	X.M.C.V.		100,00 €	100,00 €	100,00 €
3	M.V.B.M.		200,00 €	200,00 €	200,00 €
4	M.V.S.M.		200,00 €	200,00 €	200,00 €
		TOTAL	600,00 €	600,00 €	600,00 €
		TOTAL	9600 €	10504,13 €	8973,84 €

8. Que o pagamento das axudas deberá efectuarse coas seguintes especificacións:

- No caso do material escolar e do transporte, efectuarase o pagamento do importe concedido e xustificado no número de conta indicado por cada familia.
- No caso de 13 familias, utilizaron o sistema de vales coa cesión do dereito de cobro a favor dos establecementos, resultado as seguintes cantidades, xa engadidas no cadro anterior.
 - Librería Xeila: 390 €
 - Librería Folder: 90 €
 - Sprinter: 1430 €
- O total das axudas ascende á cantidade de 8973,84 €.

Infórmase para que sexa levado a Xunta de Goberno Local para a aprobación do pagamento, atendendo ao formato e cantidades que se recolle no presente informe.

En Valdoviño a 21 de outubro de 2022

Iria García Martínez
Educatora Social (Col. 3545)

e visto o informe do Departamento de Servizos Económicos, en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do pagamento das axudas en relación ás *Medidas de apoio a familias para a adquisición de material para o estudo e para o transporte do ano 2022*, por un valor total de 8973,84 €.

Valdoviño, 26 de outubro de 2022

O Alcalde
Asdo. Alberto González Fernández”

A proposta de Alcaldía que antecede, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros

5.- APROBACIÓN PARTICIPACION NA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO PROGRAMA DE IMPULSO DE ESCOLARIZACIÓN NO 1º CICLO DE EDUCACION INFANTIL CON NOVAS PRAZAS DE TITULARIDADE PÚBLICA.-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE IMPULSO DE ESCOLARIZACIÓN NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CON NOVAS PRAZAS DE TITULARIDADE PÚBLICA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA,

FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO BS420E).

“Vista a Orde da convocatoria das axudas e visto o informe elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación

“INFORME SOBRE A CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE IMPULSO DE ESCOLARIZACIÓN NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CON NOVAS PRAZAS DE TITULARIDADE PÚBLICA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO BS420E).

ANTECEDENTES

Con data do 06/10/2022, publícase a ORDE do 23 de setembro de 2022 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS420E).

Poderán ser **entidades beneficiarias** da subvención a Administración xeral do Estado, as entidades locais e os organismos dependentes das entidades locais, debidamente recoñecidas e inscritas no RUEPSS, para o impulso da escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil con novas prazas de titularidade pública, prioritariamente para nenos e nenas de 1 e 2 anos.

A **contía máxima** da axuda por praza queda establecida de acordo coa seguinte táboa:

2022 (1.1.2021-31.12.2022)		2023 (1.1.2023-31.12.2023)		2024 (1.1.2024-15.9.2024)	
Creación	Mantemento	Creación	Mantemento	Creación	Mantemento
6.185,35	3.029,73	6.185,35	4.503,42	6.185,35	0

*A contía de mantemento aboarase proporcionalmente desde a data en que a escola infantil 0-3 obteña o permiso de inicio de actividades ou desde a súa correspondente modificación

As **axudas convocadas** a través desta orde comprenden as seguintes actuacións:

a) **Reforma/rehabilitación e equipamento** para novas unidades (aulas) partindo de edificios de centros educativos que necesitan reformas/rehabilitación e obras para a adecuación do espazo

ás necesidades educativas do alumnado neste ciclo educativo ou construción de aulas; construción de novas escolas infantís e equipamento daqueles centros titularidade da Administración local.

b) **Funcionamento:** de forma transitoria e extraordinaria estes investimentos destinaranse a pagar a remuneración dos empregados necesarios para o arranque do investimento e os gastos de funcionamento das novas prazas de titularidade das entidades beneficiarias.

*Dado o carácter incentivador do programa, só se admitiran os proxectos que supoñan un aumento efectivo do número de prazas.

No caso de Valdoviño, no Punto de Atención á Infancia xa están funcionando 20 prazas, polo que a axuda sería axustada ao número de novas prazas que se queira solicitar (previsiblemente outras 20).

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte **documentación**:

- a) Acreditación da personalidade e representación da entidade solicitante.
- b) Proxecto ou memoria técnica, no caso de que non se requira proxecto, onde se describan adecuadamente as actuacións que se van realizar e a situación de partida, subscrita polo persoal técnico competente, de ser o caso.
- c) Memoria urbanística xustificativa da viabilidade dos investimentos propostos coa situación xurídica, catalogación e permisos dos usos dos terreos.
- d) Certificado ou informe municipal sobre as actividades da zona e a súa compatibilidade coa escola infantil 0-3.
- e) Estudo que reflecta o número de nenos/as menores de tres anos potenciais usuarios/ as da escola infantil 0-3, incluídos os/as non nados/as e en proceso de adopción.
- f) Plan de viabilidade que permita a posta en funcionamento e o mantemento do centro durante un mínimo de 5 anos.
- g) Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020

Atendendo ao anteriormente exposto, **INFORMO**:

PRIMEIRO-. Que para a tramitación da subvención é preciso aprobar o inicio do procedemento para a solicitude da mesma.

SEGUNDO-. Que o prazo de solicitude remata o 07.11.2022.

TERCEIRO-. Que trala consulta co Departamento de Servizos Técnicos sobre a documentación necesaria, indican que o estudo da viabilidade e a correspondente memoria urbanística require dun tempo maior do prazo establecido.

CUARTO-. Que para a presentación da solicitude en prazo, só sería posible acompañar a dita solicitude coa documentación que figura nos apartados a), d), e) e g) para, posteriormente, adxuntar a restante documentación elaborada polos Servizos Técnicos.

QUINTO-. Que para saber se a opción descrita no punto cuarto é posible, é preciso facer a consulta co departamento que corresponda na Xunta de Galicia.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da solicitude de axudas correspondentes ao programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola unión europea-nextgenerationeu (código de procedemento bs420e), segundo as indicacións recollidas anteriormente.

Valdoviño, 31 de outubro de 2022

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta de aprobación de participación na convocatoria do procedemento de concesión de axudas ao Programa de impulso a escolarización no 1º ciclo de educación infantil.

6º.- APROBACIÓN REALIZACIÓN PROXECTO DE SAÚDE FAMILIAR E COMUNITARIA NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE 2022 (CONVENIO MINISTERIO DE SANIDAD FEMP) PARA POTENCIAR A REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE SAÚDE FAMILIAR E COMUNITARIA, NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS 2022, DENTRO DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A POTENCIACIÓN DA REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES

Vista a resolución da axuda, visto a retención de crédito practicada polo Departamento de Servizos Económicos e visto o informe elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación

“INFORME- PROPOSTA SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS 2022, DENTRO DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A POTENCIACIÓN DA REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación á subvención indicada

INFORMO

1. *Que por resolución de alcaldía de data 13.09.2022 resólvese solicitar o “Proxecto de saúde familiar e comunitaria” por importe de 5.000 euros, no marco da convocatoria de axudas a entidades locais 2022, dentro do Convenio entre o Ministerio de Sanidade e a Federación Española de Municipios e provincias (FEMP) para a potenciación da Rede Española de Cidades Saudables.*

2. Que o financiamento da axuda é do 50% respecto do gasto solicitado.
3. Que en data 13.10.2022 publíquese a resolución con carácter favorable, na que se concede a axuda solicitada para afrontar o Proxecto de saúde familiar e comunitaria, cun gasto total de 5000 €, coa correspondente aportación do Concello do 50% (2500€).
4. Que o prazo para xustificar a subvención é o 14 de novembro, polo que o tempo restante para realizar o proxecto implica urxencia no caso de querer realizalo.
5. Que esta urxencia motiva chamar telefonicamente a dúas empresas do sector socioeducativo especializadas no ámbito da igualdade e da saúde sexual, das cales unha responde positivamente para poder abarcar o traballo (Koremi S.L)
6. Que as actividades realizaranse paralelamente ao proceso de presentación da factura e xestión do pagamento.
7. Que para levar a actividade tería que aprobarse con carácter inmediato.

En Valdoviño a 26 de outubro de 2022

Iria García Martínez
Educatora Social (Col. 3545)”

en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da realización do “Proxecto de Saúde Familiar e Comunitaria” á empresa Koremi S.L., por un total de 5000 euros.

Valdoviño, 31 de outubro de 2022
O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta literalmente transcrita.

7º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADE Á MERCANTIL EULOGIO VIÑAL Y OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. POLA DEMORA NA EXECUCIÓN DAS OBRAS NA FACHADA E CARPINTERÍAS NO CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Examinado o expediente 2022/I003/000001 relativo á imposición de penalidade a mercantil Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 iniciado mediante Providencia de Alcaldía en data 16 de setembro do 2022 pola demora na execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño que foron adxudicadas a dita empresa en data 9 de outubro do 2021, en virtude do procedemento de licitación con número de expediente 2021/C003/000006.

O prazo de execución establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño era de dous meses e medio, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo que consta o 12 de novembro do 2021. Non existindo reserva fundada que impedira o seu comezo, as obras deberon executarse e recepcionarse polo Concello de Valdoviño antes do 29 de xaneiro do 2021.

En data 7 de febreiro do 2022, o adxudicatario Eulogio Viñas Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 solicita ampliación de catro meses o prazo de finalización do contrato.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño en sesión ordinaria celebrada o 10 de febreiro do 2021 acordou ampliar o prazo de execución inicial das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro do 2014. Así as cousas, o prazo de execución remataba o 28 de maio do 2022.

Da inspección de obra efectuada por Jose Antonio Alonso Rodríguez con D.N.I. núm. 32.616.369-T, redactor do proxecto técnico de obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño, se deduce que as obras adxudicadas non foron executadas según o informe asinado en data 31 de maio do 2022 pois deixa constancia que (...) *as obras aínda non comezaron. Únicamente foi colocada unha caseta metálica no aparcamento fronte ao Centro. Durante este tempo (data da acta de replanteo 12/Novembro/2021) mantiveronse algúns contactos e reunións co adxudicatario sin que hasta o momento se iniciaran as obras* Así as cousas, rematado o prazo previsto para execución das obras adxudicadas a Eulogio Viñas Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 en virtude do expediente 2021/C003/000006, o obxecto de dito contrato non foi cumprido no tempo e forma previsto tanto nos pregos que rexeron o devandito procedemento de licitación, así como a conseguinte prorroga acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño.

En cumprimento do ordeado pola Providencia de Alcaldía en data 16 de setembro do 2022 e de conformidade co disposto no artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co preceptuado no artigo 3, apartado a) do Real Decreto 1174/1987, sobre Réxime Xurídico dos Funcionarios con habilitación carácter nacional, a Secretaría municipal emitiu informe para facer constar que *procede a imposición de penalidades ao contratista Eulogio Viñas Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 pois incorre en demora respecto ao cumprimento do prazo total de execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño, por causas imputables ao mesmo.*

Por todo o anterior e conforme as atribucións conferidas pola lexislación vixente, esta
Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Impoñer á mercantil Eulogio Viñas Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 unha penalización total de 19.377,12 euros por incumprimento do prazo para a execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño, atendendo a proporción de *0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo de contrato, IVE excluído*, establecida na Cláusula 33 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro do 2014

Segundo.- En virtude do enunciado no artigo 194.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a penalidade prevista farase efectiva (...) *mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíu, cando non se poidan deducir dos mencionados pagamentos.*

Terceiro.- Notificar á mercantil Eulogio Viñas Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 e os servizos económicos municipais aos efectos oportunos.”

A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros

PARTE ACTIVIDADE

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

